

XUNTA DE PERSOAL DOCENTE
DE CENTROS PÚBLICOS
NON UNIVERSITARIOS
A CORUÑA

A Xunta de Persoal docente da Coruña quere manifestar o rexeitamento ao nomeamento do novo Director Territorial, José Santiago Freire Abeijón, por contar cunha traxectoria profesional desvinculada do ensino, con numerosas polémicas en canto a cuestións ideolóxicas e de xestión de fondos públicos, así como opinións de profundo corte machista.

Por todo o anterior, exige á Consellería de Educación o seu cesamento e que nomee unha persoa co perfil profesional e persoal acorde coa responsabilidade que conleva un cargo de tanta relevancia, ao tempo que advirte que non tolerará ningún comportamento discriminatorio nin de falta de respecto ás mulleres.

E para que así conste asinan na Coruña